



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 8 DE MAIO DE 2013

LICENZAS

LIC/1767/2012.- GIGIREY GONZÁLEZ, M^a JOSÉ.- Conceder licenza para Construción de Galpón na Rúa do Corgo, 30.

CADUCIDADE

LIC/909/2008.- MENDEZ ANDAMOLLO, GABRIEL.- Declarar a caducidade da licenza de obra por acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de xuño de 2009 para construción de vivenda unifamiliar en Lg. Casal de Laraño.

OBRA E APERTURA

LIC/344/2013 E LAP/92/2013- IGNACIO DE LAS CUEVAS, SA.- Conceder licenza de obra de acondicionamento de local e de apertura de Supermercado na Rúa República Arxentina, 2.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/211/2013.- REGUEIRO ALVARIÑO, SANTIAGO.....LIC/1722/2009..... 1.500 €

4.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación da memoria das actividades da aula móbil de campaña de seguridade viaria da fundación RACE.

Apróbase a memoria de actividades do programa Compromiso coa Seguridade Viaria, dentro da Campaña Municipal de Educación viaria e na autoprotección ¿Onde está o perigo?, organizada polo Concello durante o curso escolar. A Escola RACE desenvolve neste curso 2012-2013 a estratexia da Federación Internacional do Automóbil (FIA) en educación e seguridade viaria (FIA-Action For Road Safety) a través dunha campaña itinerante polas cidades máis importantes de España. Os destinatarios do programa son nenos e nenas de Primaria e Secundaria. As accións desta campaña levaranse a cabo na Escola Móbil do RACE do 27 ao 31 de maio no Parque da Alameda de Santiago.

5.- Proposta relativa á aprobación provisional das listas de admisión e de agarda nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños. Curso 2013-2014.

Apróbase as devanditas listas provisionais. Esta información e estará dispoñible nos taboleiros das Escolas, nos do Concello e na páxina web. Haberá un período de alegacións de dez días. Para as tres escolas presentáronse 336 solicitudes correctamente e 9 foron presentadas fóra de prazo. Hai un total de 95 prazas ofertadas, das que 8 foron reservadas para casos de emerxencia social.

6.- Dar conta da concesión dunha subvención para o financiamento do Plan de Formación Continua 2013.

Dáse conta da devandita subvención, outorgada polo Instituto Nacional de Administración Pública (INAP) para o financiamento dos plans de formación unitarios e agrupados promovidos pola Administración Local, correspondendo ao Concello de Santiago unha subvención por un importe de 4.822 € para o Plan de Formación Continua 2013.

URXENCIAS

- 1.- Auméntase o orzamento para axudas sociais (MAPIS) en 20.000 euros.
- 2.- Concédese unha axuda (MAPI) de 450 euros.
- 3.- Solicítase unha subvención á Consellería de Traballo para accións de orientación laboral e busca de emprego por importe de 20.000 euros/ano.
- 4.- Apróbase a sinatura do convenio coa Consellería de Medio Ambiente e Aquanorte para a execución e explotación da depuradora de augas residuais. Importe estimado: 59.777.245 euros máis IVE (o 70% correspóndelle a Aquanorte, 15% ao Concello e 15% á Xunta).

- 5.- Prorrógase o servizo de mantemento do parque de Brandía con Aspas.
- 6.- Adxudícase o servizo de conserxería e limpeza das instalacións deportivas municipais á empresa Lacera Servicios y Materiales por importe 379.767 máis IVE.
- 7.- Adxudícase o servizo de lacería para os anos 2013 e 2014 por importe de 36.999 euros.
- 8.- Iníciase o procedemento de contratación da cubrición das bancadas do campo de fútbol de San Lázaro (Sergas) por importe de 74.945,16 euros.
- 9.- Iníciase o procedemento de contratación das obras de reforzo do firme na vía M23-4 Frades-Enfesta (POS 2012) por importe de 27.845,83 euros máis IVE.